

## PROLOGO DA PRIMEIRA EDICIÓN DE DA AGRA ABERTA

*Par'ós lectores cursidosos leren.*

*Eu ofrézovos, par'ó voso soaz e entretenemento, esta manchea de contos e lëndas que ides a lér e xuzgar, creaciós da imaxinación do povo, ás que non fixen máis que darlles fasquía e feitío literario.*

*Acadados e escritos os máis d'eles en lonxes anos sorridentes, non sei aínda que boa ou mala fada os tira agora do seu encantamento e lles abre as fenestras sollosas da pubricidade para que voen ceibos e ledos a cantar no vello niño, a sortiren quizáís novamente da fontaiña de onde un día deitano frescos, cristaiños e gurgullantes.*

*Os contos non son de ninguén, di un persoaxe de Valle- Inclán. Cando unha cousa non é de ninguén soe sere do primeiro qu'a encontra, según dereito e lei; mais na horta vizosa da literatura folk-lórica, o dereito non leva ese camiño; a lei, xa de vello, anda escordada, e os contos do povo, por non seren de ninguén, son sempre de todos. A arte popular convértese así nunha agra aberta, onde o pulo creador é anónimo, e a anada, do que quere, ou millor aínda, do que sabe facel-a recolleita.*

*Non son frores de choído nin frutitos de coutada sob o ollo de dono vixiante; son rosíñas dos camiños acedos da vida, que en calquera recanto, en calquera pouso, ceiban a súa fragancia, mollannos c'o seu orballo ou aledannos c'o seu sorriso; sons vagaxeiros e viaxeiros que van e veñen, levados nas aas do bon humor, de eido a eido, de bisbarra a bisbarra, de povo a povo, a aniñaren en todol-os labios, a riren en todol-os ollos ansiosos de ledicia, como ofrecéndose ós degarantes de beleza sinxela, para qu'os leven ó seu lar e os enfeiten e acalenten ó tépido amore do seu corazón.*

*E máis no folk-lore, fontana decote xurradora, sin estiño, a onde non hai máis que chegar e encher, nin todos enchen nin siquera chega diante aquel que coidou sel-o primeiro.*

*As máis frondentes e vizosas literaturas mundiás están inzadas de “variantes sobre do mesmo tema”; e foi precisamente nesas repiticiós folk-lóricas dos contos de ninguén, onde literatos esgrevios abrangueron lumioso renome ou conquerino a inmortalidade.*

*Ora, estes contos e lëndas van ditos no linguaxe dos nosos eidos, feito que lles dá un valor e saibo galegos que convén sirgar, pois non debe ofrecerse como do noso folk-lore o que non é d'el, nin a el lle pode interesar arrequeantarse c'o que lle non pertenece.*

*Os traballos que contén este volume fono recollidos de labios das xentes da nosa terra; pero d'un d'eles, do que eu titulo “O xastre da Bugalla”, cómpreme facer unhas observaciós.*

*Despóis da “descoberta” do alfaiate, anos andados, en noite inverniça e xiada oín este conto nunha cocíña castelá á tépida quentura da ardente morea de palla trillada, e souben logo que Hartzzenbusch aproveitar'ô mesmo tema para dare unha lección prosódica en verso: “El sastre y el avaro”. Entendín, con doroso sentimento, qu'o meu conto non debía deixal-a escuridade do cartafol qu'o gardaba. Emporiso...*

*¿Atreveríase alguén a dubidar qu'o xastre das Baíñas, o que cose de balde e põn as liñas, non é galego? Pois por terras de Castela anda outro alfaiate sonado, “el sastre del Campillo, que cose de balde y pone el hilo”. E “pasma —di Vicente Risco— atopal-o mesmo conto, o mesmo refrán, dito na mesma forma, nos lugares máis afastados do mundo”.*

*Escasí, inda que este xastre non sexa galego de nacencia, tampouco se pode ter xa com'un vedizgo. Aplausoulle o viño da terra, libertouse da avaricia, e convirteuse nun larchán desfeito. Entre o relato castelán e o que eu ouvín ós nosos contistas, e despóis redactéi, hai notables diferencias, que lle dan unha certa traza galega, un axeitamento ó noso estilo e costume.*

*E ademáis, o qu'un fai, sò por iso, pol-o que d'un tèn, gánaselle lei, óllase con agarimo e costa desbotalo e rexeitalo.*

*Estimo, pois, que feitas estas observaciós, podó ceibar da cadea do cartafol, a “O xastre da Bugalla” para que, pol-o sí ou pol-o non, siga enchéndose de empanadas de raxo e lacón con grelos pol-os fartos casás da nosa montaña. Téñase, si se quer, por unha versión recreada na nosa fala.*

*O caso que lle aconteceu a Tiriñas traino brevemente a conto, e como relembranza dos seus tempos de estudante en Compostela, o famoso médico Rodríguez, da Cruña, no prólogo do discurso que pronunciou o 15 de agosto de 1912, sendo mantedor dos Xogos Frorás dispostos pol-o Liceo de Artesanos de Monelos, recollido nun folleto baixo o título de “La Patria. La Fe. Y el Amor”. O “Tiriñas” deste libro tivo aquí o seu orixe e data; pero o asunto é o mesmo qu'ó de “Xan Brencellau” de Lamas Carvajal, inserto en “Gallegadas”, libro en prosa galega dado á pubricidade no 1887.*

*As creaciós do povo non son de ninguén; mais ós cultivadores do noso folk-lore cómprelles saber que este poida sexa un vello conto galego. As versiós castelás do mesmo tema —e hai varias— están datadas muitos anos despóis do “Xan Brencellau” de Lamas e do discurso do médico Rodríguez. Trátase ademáis d'un relato popular ben xeneralizado por vilas e aldeas da nosa terra, de maneira que alí onde non hai estudantes, é a muller do zapateiro, posta d'acordo c'un frade, a que fai leval-o seu home bébedo á celda d'un convento para que escarmente e non volva ó vezo.*

*Así llo ouvín, ó roxir da sartaña, no magosto d'un ledo serán familiar, a un riseiro petrucio cangado de anos e vellas historias, na chaira de Xinzo de Limia. Esta variante —sin refugar a intervención dos demoniños dos escolares, para lle dar ó conto saibo e laimo santiagués máis cumprido— é a que xustifica que neste libro apareza agor'ó “Tiriñas” compostelán, inda que entre todol-os da súa tronquidade sex'ó de atafás literarios menos lucideiros.*

*E máis nada verbo d'isto, lector cursidoso. A cadaquén o seu, e que Deus nos olle a todos.*

\*\*\*

*D'estes contos os máis d'eles son santiagueses, ou millor dito, ouvidos en Compostela. A lènda “Historia malfadada d'un beixo que se non deu”, é o único traballo orixinal que contén este volume; e “O can de San Roque”, un conto ourensán que, c'o encontro de Don Xoán da Cova Gómez con Lamas Carvajal, chegou á miña conocencia por xentes cultas da cidade das Burgas; mail-a invención do autoxiro ben pode sere un engadido modernizante das múltipres habelencias do xa máis que renomeado autor do trampitán. Eu recollina nun artículo firmado pol-o meu caro amigo Xosé Ramón e Fernández Oxea (Ben-Cho-Sey), a quen lle encomendo o mandado de responder perante a verdade histórica.*

*E cómpreme sinalar que, agás o devandito, todo canto n'O can de San Roque se recorda de Don Xoán da Cova, está tirado, c'a meirande exactitude que pode dar de sí unha memoria froxa e por ende esquecediza, de vellas lecturas de "Galicia Humorística", revista que dirixeu en Santiago o poeta festivo Enrique Labarta Pose, quen tiña amizade e carteábase con Don Xoán. Aconselláballe éste, lése os seus dramas e traxedias con muita calma e tino, pois os remates eran tan fortes e tremendos que temía lle fixesen mal. Labarta adicoulle unha páxina de "Galicia Humorística" c'un longo e gracioso verso en redondillas, unha d'elas en trampitán, da que quere ser unha imitanza o que eu poño nos labios de Lamas Carvajal; e a cuarteta que recita e traduce Xacome o sancristán, é popular entre os ourensáns, tradicións admiradores das vellas e riseiras grogrias da súa cidade. Porque eu - ¡dáme vergoña decilo!- non sei o trampitán.*

\*\*\*

*Cando o escrito na nosa fala é pobre en termos típicos, cando non está construído nun linguaxe galegamente pecho, dise d'el sò por desprecialo, que é un dialecto... ninguén sabe de qué, e con pouco de seu. E cando é rica e abondoso en léxico, xiros e modismos, dise que é un galego inventado... non se sabe por quen, e que se non entende.*

*Se do linguaxe non tivéramos outras nociós qu'as adquiridas no medio onde nacimos e domoramos, os máis dos libros que chegasen ás nosas máis serían inintelixíbles, pois o escritor —mormente si escribe nunha fala pouco traballada com'á nosa— non pode prescindir da riqueza de vocables e xeitos de falar, e sò así gardará lei a enxebreza do linguaxe.*

*O propio idioma non se adprende somente c'os catro veciños de cada rueiro, senón na vixilia estudiosa, ouvindo o povo, manexando libros e dicionarios, e se á man vén, a Gramática. Para lér non abonda nacer. Decir que non entendemos un idioma que non quixemos cursar, se por derriba é o noso, máis que desculpa —jou gabanza!— é sinxelamente unha vergonza e unha baixeza.*

*Pois nestas páxinas non se inventa nin res nin se derrama nada. Todo nelas, no qu'ô linguaxe se refire, axústase ô falar do povo, garda fidelidade ô significado das palabras, e ô seu valor en composición, tal como as nosas xentes as usan; ás leis da Sintaxis e á enxebreza do xiro. Coido qu'os lexicólogos e gramáticos me non desmentirán, aínda contando c'os xustos reparos que poidan o porlle, xa qu'a boa vontade non abonda para obter obra perfecta nunha fala endemal sin recoller nin fixar.*

*De min dixu un ilustre crítico e ensayista, bon conocedor do noso idioma: "Descobre novos segredos da fala e turxe e alabea os seus versos nunha riqueza expresiva de limpa condición". Cómpreme observar: o léxico no que eu estructuro as miñas simpres aficiós literarias, terá de descuberta; de invento, nin res.*

*Eu non fago a fala, a min danma feita. Cólloa e ofrézoo tal como ela é. Isto non tèn mérito, x'ô sei. Non arrequeña o valor da miña faxeira anada literaria; mais evítame laborar en fuxida, amañar un linguaxe arbitrario, escapándolle ô castelán, e logo escribir: - ¿O viches ti? -O vin eu, falei co-el e lle dixen...*

*Che digo a ti, lector cursidoso, que esta é sintaxis ben de agora, das nosas dúas vilas grandes e barrios da extrema; é o castelán arranxado á galega, ou o galego disposto á*

portuguesa; pero as xentes das nosas aldeas non falan así; e os que escribiron e escriben o lexitimo galego, n'isto e noutras cousas, fono e son fieles ó falar do povo.

“O bon uso e colocación dos pronomes na conversa é o que dá máis enxebreza ao galego”, afirma LUGRÍS FREIRE. “Es uno de los puntos más delicados y característicos del gallego, exige particular cuidado”, sostén a autoridade de SACO ARCE. E engade: “Un gallego fácilmente admitirá y mezclará con su lenguaje, como lo vemos todos los días, una porción de palabras castellanas, dándoles la inflexión del dialecto propio; mas no se doblará nunca a empezar la frase diciendo: Me colleron. Se chegou a min, en vez de colléronme, chegouse a min. Estas delicadezas, en apariencia insignificantes, son las más duraderas en los idiomas”.

Isto coidaba Saco Arce no seu tempo, que atinxe o meu. Agora é un andacio que leva camiño de inzalo todo. Invirtese o uso dos pronomes, escribindo llo dixen sin vir a conto, e cando acertadamente deberan decir llo dixen, entón poñen dixenllo; trócase, mal xa vello, o xusto emprego de te e che; e hai quen sin mollal-os pès nas ribeiras de Goián nin exprimer un sò acio das cepas do Rosal, lembra, cando escribe, o xeito de falar das nosas xentes do baixo Miño: Ofrézote este pano, lévato que te está ben.

Esta materia trátana longamente as gramáticas de Saco Arce e LUGRÍS FREIRE; e pol-a diversidade de casos, non é cousa mui doada para aqués cuio idioma materno non foi o galego; a millor regra ha ser ouvir ó povo e imitalo.

E xa que dos pronomes se fala, convén lembrar que denantes dos posesivos antepostos ó nome — neste caso adxetivos determinativos — ha d'ir o artículo; e eses versos e prosas que din sin necesidade miña casa, meus eidos, en vez de a miña casa, os meus eidos, son, ou paréceno, traduciós literás do castelán ou do portugués; e máis cando diante do artículo elidido levan termos que debían fundirse co-el: por meu, por noso, en vosas más; no canto de pol-o meu, pol-o noso, nas vosas más.

Verbo d'isto, a licencia poética poderá usarse cando sexa precisa, e máis nada. É c'a millor fariña da nosa fala, sirgada pol-a autocrítica, c'a que temos de amasar prosa e verso. E conozo poemas nos qu'os seus autores, c'o sinxelo emprego d'unha das chamadas figuras de dicción, houberan resolto nobremente e á galega, as dificultades métricas. ¡As figuras de dicción, tan nosas, vivas aínda no linguaxe popular, que dan melída sonoridade á prosa, e fan a nosa fala, par'ó verso, dúctil e maleabre com'á prata! N'isto conviña lermos e considerar a Pondal detidamente. E botarlle unha ollada ós poetas portugueses.<sup>4</sup>

---

<sup>4</sup> As nosas gramáticas citan as figuras de dicción somente cando se lle fai preciso; mais lle non adican, e é boa perda, o amplo estudio do qu'o escritor galego tèn mester. Nelas están muitas características da mesma índole do noso idioma e do noso xeito espiritoal, manifesto no linguaxe.

Saco Arce refirindose ós vocables que perden ou aumentan letras na boca do povo, e por ende na pruma dos poetas, opina e aconsella. Refusa certas formas paragóxicas: "acae", "eue", por acá eu; pero acepta outras: "álbore", "ánxele", "fácile", "poise"; no canto de "álbor", "ánxel", "fácil", "pois".

O espírito galego, suavidade, tenrura, moleza, que vive sin présa, como si soupera que ha chegar a tempo, revese alongando muitas diccións, rexeita os remates súpetos das palabras agudas, e en vez de "señor", "amor", "aquele... di "señore", "amore", "aquele"... Son o fruto do noso xeito repousado, onde xermola o trasacordo, fillo da

*E non como alauo, qu'o non perciso; mais para a tranquilidade do lector, que dan certas seguranzas, cómpreme declarar que eu, con perdón das caras máis novas —e disimúlenme as máis vellas— son de fala galega materna, paterna, familiar e de veciñanza; demoréi boa parte da miña xa longa vida entre os peisáns das nosas aldeas; e pesa tanto riba de min a miña escola idiomática e o falar actual do povo, que nin siquiera me astrevín a desbotar algunhas elisiós, qu'el fai sempre cando fala, por afectaren â nosa fonética, por tratarse non de simples elisiós, senón de contracciós que funden e trocan o son de certas vocás: e a fonética, nestes casos de uso xeneral, debera ser cousa sagra. Non se di como o outro, como o meu, millor que o voso, pra o noso, para o teu, veña o viño, xa o sei, collíao, pagábao, corraolorcho, morra o conto, deica o muíño... Así non se fala nesta terra, cando os que falan se expresan con coñecemento e naturalidade, alleos ós artificios máis ou menos gramaticás. Dise com'ô outro, com'ô meu, millor qu'ô voso, pr'ô noso, par'ô teu, veñ'ô viño, x'ô sei, collíô, pagabô, corrôlorcho, morr'ô conto, deic'ô muíño... Os máis destes exempros relembra a falsedade de ao - preposición e artículo - xa tan xeneralizado no linguaxe escrito e totalmente ausente do galego falado. Á veira da comenencia de escribíremos as palabras con total-as súas letras, está a obriga de conserváremos o qu'a nosa fala tén de seu, típico e orixinal, ou como si dixéramos, o seu feito diferencial.<sup>5</sup>*

---

reflexión, camiño da verdade e da indulxencia, do respecto e da tolerancia. "Nunca hai acordo como'o trasacordo".

E máis nestas formas paragóxicas, cando se fai preciso, o povo chega ó aumento d'unha sílaba; e de "alalá" fai "alalala". Así falaban os vellos da miña infancia e mocidade na bisbarra santiaguesa, así escribiu Rosalia no 1863, en "Cantares Gallegos", e deste xeito atopase escrito con data 1874, no capítulo "La música popular de Galicia" do libro "Páginas sueltas" de Teodosio Vesteiro Torres, que naceu en Vigo e demorou en Tui.

E foi por iso pol-o que eu un día escribín:

"Alalalas manseliños,  
ledas triadas dos turreiros"

e houbo a quen lle non pareceu ben.

Nas nosas gramáticas falta este capítulo con todol-os exempros e explicacións precisas tiradas do linguaxe popular e dos autores do noso rexurdimento literario do século dazanove. O qu'o escriba fará un bon servizo ós poetas e â fala galega.

<sup>5</sup> Non é certo qu'o emprego de "ao" no galego escrito, dea meirande craridade ó linguaxe e faga máis doada a súa lectura e intelixencia. Os galegos dispoñemos da finura de ouvido precisa, e ademais cultivada desde o bérce, para distinguir con exactitude o significado de total-as locucións d'este xeito: "Moe o muíño", "Vou ó muíño". "Levo este xerro", "Se queres levado". Porque adeprendemos desde nenos a falar así, e porque ninguén fala d'outra maneira.

A mesma dificultade presentase cando se trata de "â", tamén contracción de preposición e artículo. "Esta é a leira". "Voume â leira". Ninguén escribe agora "aa", senón "â", e c'un simple acento agudo, sin que nadie fale aquí de escuridade e dificultade. A conversión de ao na contracción ô, é unha lei que rixe na nosa fala. O que se precisa é usar sempre o signo correspondente, o chamado acento circunflexo, que nestes dous casos fai as vocás longas e ademais abertas. Lugris Freire postula se escriba ao, e que logo cadaquén

*Agora escribese de un, de uns, de us, de unha, de unhas. A norma xa está cáxeque consagrada pol-os que entemean en usar un galego artificial, que nunca se falou, nin eles mesmos falan. Sirvironlla na bandexa do verso, que foi o mesmo que se lla diran c'o queixo da sinalefa. Pois aténdose á norma unánime do povo, que fíxo e sostén a fala, seguindo as leis do seu xenio idiomático, o mesmo na prosa que no verso, ¿diremos mal escribindo como sempre se escribén, e dicindo com'ô povo di, sallo d'un souto, faleille d'uns libros, son d'us homes, cheguéi d'unha festa?*

*Esa antipatía ô apóstrofo, devén do abuso que d'el se fíxo, sin qu'el, ¡miña xoia!, tivera chisco de culpa. É un signo ben noso, preciso, velaíño e europeo. Os qu'o desbotan, e poñen no seu canto a división ou raiña curta, cometen unha impropiedade e máis unha inxusticia. Non, o apóstrofo non é un reviragancho escurecedor da fala escrita. É lus, camiño e guía; e levanos da man a falar como debemos no noso linguaxe e fonética enxebres. Arestora rexéitase todo signo. No canto da lei gramatical estase impondo a lei da rebola.*

*Son os signos os que temos de axeitara ás leis da nosa fala, e non falsificala en honor dos anovamentos ortográficos e lexicográficos propostos pol-os inquedos á cata d'unha facilidade e pecha enxebreza de linguaxe, qu'a derradeira convirte o galego, par'ô lector, nunha fala tod'ô lexible que se queira; mais que está ben lonxe de sel-o seu idioma, o que oi de labios do povo que aínda sigue expresando nel a súa vida afectiva e o seu traballo.*

*E por razóns de xusta sinceridade, sintome na obriga de manifestar qu'o devandito non quer decire nada sustancial en contra do que, nuns libros que lín, chaman ortografía moderna, e que non é outra qu'a que escriben con base histórico\_filolóxica, don Antonio Couceiro Freixomil, verdadeiro creador desta parte da nosa Gramática, inda que nela se senten principios sò de comenencia, que pol-as razóns sobreditas non sexan para todos, merecentes de ser tidos en conta.*

*Pero aínda aflíxe máis ver que se poña, sin outro precepto qu'o que cadaquén se amaña, en un, en unha, en uns, en unhas; onde o povo di sempre nun, nunha, nuns, nunhas; ou en algún, en outro, en ese, en aquel, con un, con unha; e outras parrandadas pol-o estilo en contra das normas gramaticás inducidas do falar enxebre.*

*Qu'os literatos nados nas terras onde se di pantalóns, pixíns, langrán... escriban así, tèn a súa lóxica explicación. Qu'o fagan-os outros, sin máis razóns qu'a imitación, e ben discutibre. Dise qu'as inflexións ans, ons, ins... son máis cheas, máis sonoras. “La combinación ns no es, sin embargo, muy eufónica, y no convendrá prodigarla. El gallego, por punto general, la repugna”, di Saco Arce. E estudiando as terminacións de palabras como mazáns, corazóns, xiríns... e comparandoas c'as de mazás, corazóns, xirís... afirma qu'o linguaxe onde as derradeiras se usan, “es más culto indudablemente en este punto”. Lugo acepta esta doutrina, usandoa na súa Gramática.*

*E de porparte, a inflexión en ans tèn no noso falar, axeitado emprego. Na formación do xénero, en muitos nomes e adxetivos acabados en an, establece a distinción entre o prural masculino e o feminino: irmán, irmá, irmáns, irmás; compostelán, compostelá, composteláns, compostelás. É minción de todos conserváremos estas particularidades, que boa falla nos fai. Ademais, a aceptación das desinencias ans, ons, ins... como norma xeral, equivalería a unha volta atrás na natural evolución do noso linguaxe. Non deixa de*

---

pronuncie como queira: ao ou ô. Pois se ao se pronunciar ô, millor será escribir ô como todos decimos cando falamos.

*ter gracia qu'as usen os que andan a fuxir do castelán. ¿Pantalóns? Pois que lle poñan unha letriña máis, e sairállas pantalones.*

*E agora, lector, se che non aborrece xa tan longa copla, c'ó teu permiso, inda que c'ó medo de serche un pouco molexa, e c'a túa axuda, se me botal-a man para facermos o camiño máis doado, imos a darlle un abalo á palabra enxebre, que é aínda popular e ben usada nas nosas aldeas: leite enxebre, sin auga; viño enxebre, sin bautizar; pan enxebre, feito sò con fariña triga do país. Vén rexistrada nos dicionarios de Cuveiro Piñol (1876), e Marcial Valladares (1884), c'ó seu valor verdadeiro e popular: puro, que en portugués, galego e castelán significa “libre y exento de toda mezcla de otra cosa”. Esta idea de pureza vai tan vencellada á palabra enxebre que Marcial Valladares recolle esta acepción: virxe.*

*Muitos escritores en castelán —xornalistas e novelistas— ignorantes virxens da fala da súa terra, para adxetivaren e faceren propias do país as cousas máis ou menos galegas, usano o termo enxebre; e escribiron aquilo de... “Yo le soy un gallego muy enxebre”. E a enxebreza d'este home non ía máis alá de fartarse de revenidas con cachelos e tomal-os baños da Toxa. E desde aquela fono enxebres os gaiteiros que chafallan o couplet fora de moda, para qu'a gaita deixe de ser gaita e o couplet deixe de ser couplet; e ergueronse ás cimbras da enxebreza total-as cousas albúrdigas, moufeiras e matalotas. E para certos señoritos das vilas, o adxectivo enxebre ou puro, convirteuse en típico, d'un tipismo aceptado ás súas desleigadas intencións.*

*O certo é qu'as cousas para seren enxebres nin siquera precisan ser galegas, abondalles con ser puras. O pan, o viño, o leite, as almas e os corazóns poden tel-a condición de enxebreza aínda sendo de Berceruelo; pero moitos escritores en galego, tal como si ó escribir practicasen un deportismo de snob, axeitaronse con fidelidade cega e servil ó erro arnal, e o feito, callado, en semántica feita á prèsa, pasou xa a arrequentar o linguaxe galego... das vilas qu'o desbotan.*

*E máis a dicción enxebre prolífica nai amantiña, en ledicia de felices paricios, vén sendo parteada pol-os escritores en galego que non andan ás toas, ben desviados dos qu'o inventan, e aquí teñen os lexicógrafos par'ós seus futuros dicionarios, unha enfiada de fillos enxebres da palabra enxebre, todos lexítimos, sans e escorreitos, con nome e fasquía de seu: enxebreza, enxebremente, enxebrismo, enxebrizador, enxebrista, enxebrizar.*

*Pois a esta fartura, poderáse engadir tamén unha nova función adverbial: comer enxebre, tal como se conserva aínda na Cañiza. Xantamos enxebre. Ceamos enxebre. Xantamos ou ceamos viandas frías e sin condimento: xamón, chourizo, carnes namáis que cocidas ou fritas, queixo, frutas... Lembremos que Cuveiro Piñol considerou a dicción enxebre com'un adverbio “para manifestar pureza o cosa así”.*

*Nun caso semellante atópase o vocable verba, que no linguaxe popular quer decire muitas palabras, palabras demais, leria, labia. “Home de moita verba, —vaca de moita herba—, muller que saiba latín, —para vòs e non pr'a min”. “Nin besta de soio herba, nin home de moita verba”. “Home de moita verba, home de moita perda”. Un dos prosistas do noso rexurdimento, bon conocedor da fala, escribén: “Pero como contra a forza non hai verba nin berros que vallan, Mercado ordenou aos seus criados que prendesen a Nicolao, e a súa muller, e a Cutrín, e os levasen ao cárcelo.”*

*Os escritores viñamos usando os sinónimos palabra, termo, vocabro ou vocable e dicción; algús, voz e vocábulo.*

O povo que fal'ó galego di sempre palabra, e poucas veces dirá termo ou vocabro. Verba a treu por palabra, ónde? Porque o caso é qu'o termo palabra, como si se tratara d'unha dicción espúrea, extrana e vediza, foi agora desbotada e rexeitada pol-os nosos literatos. No canto de palabra, termo, vocable, poñen sempre verba. E o povo galego non fala así, e o valor, para nós o máis interesante e preciso, fundamente expresivo, xeneralizado e popular da dicción verba, pérdese sin remedio. Con qué proveito? Os máis dos literatos din: as verbas —as palabras—; pero hai quen c'as mesmas razóns escribe: os verbes; e non deixará de ter quen-o imite, inda que non sexa máis que para xeneralizáre o que somente debera usarse nos seus xustos e constreitos límites.

Millor estaría que nos falasen da verba afervoada d'un orador ou da verba foca de calquera paroleiro, onde a palabra verba retén o seu valor popular para nós tan comenente; pero as expresións pido a verba, pronunciou unhas verbas, douche verba d'ir cand'á ti, e aínda máis, son galego de andar ás toas, de facer rir ou sufrir. Se ti, lector cursidoso, fuche deica agora home serio e cumpridor, se nos teus tratos fuche home de palabra, d'aquí en diante serás home de verba, e a forza de homadía veráste convertido nun falador, nun paroleiro, nun pobre leria-leria.

Os máis dos escritores d'arestora prescindino dos termos instante e momento. Xa se non estila escribir: neste instante, naquel momento; espere un pouquechiño, un momentinho, un instantiño, un instanteniño ou un bocadiño, como educada- e agarimosamente falaban os vellos da miña mocidade, e como sigue dicíndose pol-as nosas aldeas. Agora un chisco de tempo, un instante, o periodo que se atravesa —o momento, que pode ter longa duración— son sempre un intre. Momento e instante, semella xa non pertenceren ó galego falar.

E máis en Santiago ouvíanse, e supoño se seguirán ouvindo, expresións como estas: fixoo nun intre, desapareceu nun intre, foi nun intre (fué en un intre, escoitei en terras de Valladolid) c'as que se quere decir qu'as cousas occurrino súpetas, ou que fono feitas mui axiña.

Don Antonio López Ferreiro na súa novela “A tecedeira de Bonaval” escribe: “xente parolando de moito recotete, no intre que os rexidores xuntábanse alá dentro”. É decir, namentras ou interín “que os rexidores xuntábanse aló dentro”. De acordo c'o falar do povo e c'o que se lé no dicionario de Marcial Valladares: “Intre. Interín. Pol-o intre. En el entretanto”. De modo e maneira que onde neste meu libro se di: “Pol-o intre xa os dous anxos estimaran da súa obriga” ha de se entender: Neste ou naquel antramentras, xa os dous anxos estimaran da súa obriga...

Desbotar, rexeitar os termos palabra, instante e momento e escribir sempre verba e intre, é privarmos ás diccións da súa verdadeira e máis xeneralizada función, é escurecer e empobrecel-o idioma, é arredarse do galego falado, qu'a derradeira é o primeiro e fundamental galego.

Lense arestora, usadas por algúns escritores, as formas por o, por os, por a, por as, no canto de pol-o, pol-os, pol-a, pol-as. Os que tal fan deberan ter en conta: como o povo fala en xusta unanimidade; que esta aglutinación de preposición e artículo provén de pol lo, no noso antigo linguaxe; e as correspondencias portuxesas pelo, pelos, pela, pelas.

Non quixera atraer riba de min as olladas de esguello dos que fan esa homada de escribir homaxe por homenaxe, e esas bonituras de adourar, mourar, hourizonte,



sonouro, souciedá, aloumeiar, “*espetando*” un o onde *baxa un u ou un u onde baxa un o*<sup>6</sup>; e esoutras como calesqueira, podeiroso, suxeito, ceixa, enteirarse, teima —*asunto, tésis*— “*chantando*” un i onde *se atopa un e; nin as d’aqueles que no verso, atraídos pol-a magarza enmeigadora do consonante, din diviño, e na prosa, levados da forza cega da inercia lexicográfica, sígueno dicindo, e todos lles sai tan diviñamente que xa se escribe difiñitivo, mañifestar, saltariña, peregrina, oficiña e destiño. D’aquí a pouco en vez de tino, fino e pino, xa diremos todos tiño, fiño e piño.*

*A desinencia ino, ina énos precisa e tan nosa como iño, iña; e de Chantada, Monforte, dise en galego chantadino e monfortino, como de Xironda e Monterroso deveñen xirondina e monterrosina. D’aquela, si en algures houbera un povo que se chamara Campo os seus naturás serían campesinos. Ese campesinos que anda sò nos libros, é alleo á nosa fala. Os fillos da nosa campía, chamanse, en forma popular, incorrecta si se quer, pero ben xeneralizada, peisanos. Para expresar a idea campesino teremos que dicir perifrasticamente home da campía, aceptar a forma portuguesa camponez —*camponés*— como xa algúis fixeron, ou escribir campesino en armonía c’as leis da nosa fala. A forma campesino é portuguesa —*campezinho, campezinha*—; mais os portugueses escriben tamén *campezino, campezina* —*campesino, campesina*— “*¡Que alegrías virxens, campezinhas fremen —N’este imaculado, límpido arreboll!*” *Guerra Junqueiro, n’Os simples.**

*Pois destas e d’outras, millores e piores, hainas a mancheas no noso linguaxe escrito d’arestora; e o sinalado é samente unha lixeira mostra.*

*E pol-a derradeira recomédoche, lector cursidoso, botes unha ollada ós artigos Ren e Res (nin), no vocabulario que vai ó final d’este libro, inda que non sexa máis que como xustificación do léxico por min empregado.*

*Ninguén ignora qu’á labore dos escritores en galego, presídea o máis nobre e desinteresado dos amores, a máis digna e sentida das intencións, e que todo o que aquí se sinala, e muito máis que se puidera dicir, é samente fillo do descuido e de imitanzas e influencias d’uns noutros.<sup>7</sup> Pero o pior que podemos facer é trocal-o cultivo da nosa fala nun xogo, no xogo da pita cega, que é a leda arte de esnaquizarlo e desmendrellalo todo.*

---

<sup>6</sup> “*¡Ouh, que bonito!*”, “*¡Ouh, que lindo!*”. A interxección admirativa d’este xeito usada, nunca a ouvimos entre as xentes das diversas bisbarras e aldeas na que demoramos. As formas que máis ben se empregan son estoutas: “*¡Ai, que lindo!*” “*¡Ai, que bonito!*”. Lúgris Freire pide se diga *¡oh!* cando esta interxección sexa vocativa: *¡Oh, meu Deus!*. Debese ter en conta que no galego popular, diante do vocativo cando sirve para chamar, e anteposta á chamada, usase a voz expletiva “*ou*”: “*Ou, Manuel*”; “*Ou, Luís*”; mormente cando o chamado está lonxe; mais tamén cando se atopa preto. D’aquí poden xurdir equivocacións. A forma “*ouh*” -saibo plebeio - non todos a empregan. Os portugueses non a teñen.

<sup>7</sup> A palabra “*mar*” do Eo ó Miño, non é nin siquera un nome ambiguo; é sempre masculino: “*o mar*”. N’isto poida se non copien os uns ós outros, quizais copien sin querelo, as influencias dos veraneantes nas nosas praias. Nesta terra, é feminina a campía e mailas rías. O mar xa é outra cousa. Preguntenllo os escritores ós nosos mariñeiros.

*Tomeime o traballo de determe en miudaxes que poucos han ter en conta. Iso da propiedade, da enxebreza e da corrección, é pasatempo de escritores vellouqueiros de tres ó carto, sin merecementos nin creto, feitos uns vindeover, opóndose ó criterio literario gramatical do turra p'ra diante.*

*Verbo desto non ha faltar quen faga un pouso para falare da friaxe, da tesura xiada e entalada do precepto; e tamén para lembrar que aquí e acolá, escritores incorrectos fono xurdios artistas. Poderíamos decir c'os nosos peisáns: unha cousa non priva a outra; pero se non trata d'iso, fálase samente do tino aloumiñante, namorado, cheo de aprensión e respetos, do a modiño que se ha collel-a pruma na man para escribil-a nosa lingua limpamente, sin botala de perda nin derramala. Namáis.*

*Nin o que escomeza —merecente de indulxencia— nin o que leva xa o camiño andado, teñen dereito a escribil-a nosa fala ó achar,<sup>8</sup> ó que salla, según conveña ás leis do ritmo e rima ou a caprichosa e muitas voltas absurda xenialidade de cadaquén.*

*Fermín Bouza Brey en "Escolma da Poesía Galega. IV Os Contemporáneos", por Francisco F. del Riego, á páx. 112, di: "Da poesía galega penso que o que descoza os segredos da fala, debe absterse totalmente de escribila. Isto é esencial, e apúntoo porque coido que é un defecto dos nosos días, a pesares de somellar unha simpleza".*

*A tí, lector cursidoso, se pòs "vurro" sin o "b" chamanche burricán. Pois nosoutros, os que escribimos na túa fala, facémolo nunha libertade unha migalliña de poldro reloucadador, a fuxir dos valos constreitos do curro gramatical, deica privarmos o noso idioma, en muitos casos, d'aquelo que tèn de seu, do que lle é característico. Iso chámase entre nós botal-o millo a pitos.*

*Nin siquera é cousa d'agora. A corrección virá despóis, din alí. Un despóis sin data, e que cando chegue, si chega, pódeo atopar todo avolto e embercellado. Non teño, emporiso, a*

---

<sup>8</sup> Honorada c'a primeira páxina d'un número extraordinario de "El Pueblo Gallego" e unha orla do galeguísimo artista Maside, publicouse xa fai anos, unha composición miña titulada ¡Rite!. O verso deu unhas voltas pol-os nosos eidos, emigrou a Bons Aires, e alí, tempos andados, reproducérono nunha antoloxía de poetas galegos. Chegado que foi á outra banda, ou denantes de poñel-o pé no peirao de saída, nunha revolta do camiño, topou c'un corrector deses que se debecen pol-a enxebreza e boa intelixencia da nosa fala; e onde eu decía: "i ó achar, xa vente ou chova", vai el e escribiu: "i ó azar xa vente ou chova". ¡E acertou, e entendeu! ¡Ollai vòs!

E máis o verbo "achar" debeu, noutros tempos, ser mui usado pol-as nosas xentes. Por terras de Santiago, nas bisbarras centrás de Galicia, deu o modo adverbial "ô achar". Na provincia de Ouréns -en Xincio de Limia, por exemplo - formouse "ô ochou"; e noutros lugares, por aférisis, din "ô chou". Lembremos ademais "achádego", "achadizo", etc.

Hai muitos correctores, copistas, estribillantes, adicados a xogar á pita cega co noso léxico e a xudiar, sin máis e sin máis, co que outros escriben e firman, ás veces c'un absoluto desconocemento da nosa fala e das leis qu'a rixen. Non é lícito que en xornás e revistas, e nos mesmos libros, aparezan os autores firmando o que escribiron e non escribiron. Millor conta nos tería que cadaquén se adicase a termar do seu, pois para embazal-os pensamentos, facer tolear ós lectores e depenarse o que escribe, son d'abondo as erratas a maso, que inzan e escurecen muitas llanas merecentes de millor sorte.

seguridade de telo feito ben, e temo qu'a crítica severa e conscente, que vive á espreita, defendendo enrabexada a enxebreza do linguaxe, c'o gallo de sere quén para facelo, me dea unha boa xeira; ou qu'os esbardallantes c'un chisco de comenenciudos, despóis de tanta copla e palique, me anden c'a palla da albarda. E as excepcións, qu'as hai numerosas e fartas de merecementos, non han levar a mal que eu, nin filólogo nin gramático, e o menos autorizado, me arrisque a facer esta precisa chamada. Ós demais pídolles nobremente que neste mal de muitos, ninguén se vexa sinalado nin censurado: somente advertido pol-o seu ben e pol-o da súa fala.

\*\*\*

Cando fai un século non había libros, dictionarios nin gramáticas, os poetas do noso rexurdimento expresánonse no falar limitado das bisbarras onde foran nados e criados. Hoxe o escritor conta con materiais máis abondosos, e este libro, de fondo santiagués, vai escrito nun eclecticismo lexicográfico ó meu xeito, escolmando as formas tidas por idiomáticas —máis xeneralizadas— e onde non, as dialectas máis expresivas, feitas e eufónicas; pero refugando a multitude de variantes do mesmo vocable, boas para pór na man do filólogo, e qu'ó gramático poida lle non interesen xa; e se non sempre, decote inútiles na angueira literaria para a atinada expresión da idea e do pensamento. E sai ademáis arrequeitado con frases e termos por min directamente recollidos noutros lugares de Galicia —confirmados despóis algús nos textos— ou tomados de autores; e con certos arcaísmos, que por selo, son ben nosos; e d'eles, máis que arcaísmos, son diccións á forza desbotadas para facer canto ás que nunca fono galegas —lembramos o termo Deus—; e tamén, por decilo todo, con algús lusitanismos, que xa tomaron asento no noso linguaxe literario moderno.

Non hai máis lícita angueira par'ó escritor en galego, qu'a de botar man da axuda do portugués, que sendo a mesma fala cultivada, acharemos nela, ademais do noso actual, muito bon que nos pode convir. Pouco lle levamos pedido a quen tanto lle dimos. O único que debe eisixírselle é qu'ou faga discretamente, con bon tino e verdadeira necesidade. Se outras falas están inxazadas de galicismos, anglicismos, xermanismos, hebraísmos, helenismos, latinismos, americanismos e aínda máis, ¿qué razón poderá haber para botarnos na cara uns lusitanismos cando precisemos d'eles? Son tantas as palabras comúis a entrámbol-os idiomas, mormente no linguaxe vivo do Sul de Galicia, e que no centro e Norte non teñen vixencia, que poida haxa quen coide qu'a súa presenza na nosa fala escrita é obra de literatos, e teña por portugués o que é enxebremente galaico. Como tal: vaia un veciño dos arredores de Vigo ou dos tres concellos do Val Miñor, a Santiago a falar da ervilla, das ervilleiras e dos ervillás, e ós santiagueses non deixará de lles facer gracia qu'a ervilla sex'ó qu'eles chaman chícharo. Tres palabras vivas galaico-portuguesas das que sò unha, c'a forma ervilla, pasou pol-o d'agora ó noso dictionario.

Hainos que usan a terminación aes no plural das diccións rematadas en al; de mortal, mortaes; de matinal, matinaes, como escriben os portugueses; mail-o caso é qu'eles pronuncian mortáis, matináis. No galego anticuado escribiuse d'este xeito: animaes, principaes, vocaes; e esta desinencia, traballada pol-as leis do idioma, trocouse en as: animás, vocás, reás, inda que agora ben infruenciada no linguaxe popular, e por ende no literario, pol-a inflexión castelá correspondente. Escribir, pois, normaes, naturaes non é

*cair en lusitanismo, son formas arcaicas. De temear en usalas millor lles sería escribir matináis, mortáis, como fixo Rosalía.*

*E máis eu aconsellaría ós escritores, se tivera autoridade para facelo, prefírisen sempre a forma e a inflexión típica da nosa fala. Non faremos ben si escribimos amabel, notabel —en portugués amavel, notavel- no canto de amable, amable, notable, notable, como antre nós se estila; nin nuben, oleaxen, pasaxen, romaxen; nin findar, xa que temos acabar, rematar e terminar; nin tudo e infindo —os portugueses tamén din todo e infinito—; nin liberdade, vontade, até, etc., etc., etc.*

*Os portugueses poñen aza, azas; pero pronuncian asa, asas, e tamén-o así escriben. O millor sería usarmos sempre a forma nosa actual aa, aas, d'acordo c'o povo, como fixeno os precursores e aínda algús fan; e os derivados alado, alada, comús a galego e portugués.*

*C'a mesma xenreira deberan ollarse os castelanismos, cando teñen no galego vivo unha ou máis palabras de idéntico valor ideolóxico, d'abondo usadas e máis que d'abondo conocidas. D'isto se non fala, e é boa perda. Nin das palabras castelás galeguizadas, esquecéndose das nosas enxebres e populares.*

*Pero aínda son piores, muito piores, os que se adican cubizosos á rebusca e remexido de dicións acorrunchadas para enfialas unhas tras d'outras e amañar esa alquimia verbal da que xurde misteriosamente poético o doublé da escuridade.*

*¿E vostede, meu señore —preguntaráme cursidoso o lector— non incurriu nalgún dos defectiños, que agora sinala ós demais?*

*Pois, si señor, eu tamén e endemal; por lixeireza e por copista. Pesou sobre de min a autoridade de quen non-a tiña. E no que veño expoñendo e lembrando —que eu non invento nin res— hanse ver os meus fondos remorsos, resultado de exames de conciencia a cotío, que me astrevo a recomendar, pois tran, c'o arrepentimento, a propiedade, a enxebreza e a corrección; mais pensando qu'a nosa xente pode trabucarse, trabúcase arreo e a maso; e a lei que se teña ó xeito e ás formas lexicográficas do falar do povo, non pode ser cega. Tamén hai que saber sirgar e escolmar, e ó millor, correxir. En xeneral, adimitirmos as incorreccións e torpezas da paisanaxe, é barbarizar e pór en ridículo a nosa lingua, convertilo noso idioma en idioma de peifocos. A minción do literato galego é devolver ó seu país a súa propia fala, todo o arrequeitada que se queira, con todol-os neoloxismos e tecnicismos qu'a ela lle conveñan; pero limpa e escorreita, axeitada para as xurdias angueiras do sentimento e do intelecto. Isto estamos fartos de ouvilo. Compre agora preguntar se foi chegada a hora de facelo ou si seguimos aínda —dormentes e entorpecidos— no “período constituyente”, como se dixó fai sobre dos oitenta anos.*

*O que escribe non-o fai para sí. A fala non è d'el, é de todos, do povo galego e da súa cultura. Nin no lexicográfico nin no fonético se pode apor ó povo o que ó millor nin siquer'ó povo di, como decote acontece, empregando significados e sons ben discutibles e rexeitables. Este non é un soliloquio, nin un de min p'ra ti, nin unha conversa de parladoiro caseño antre o misterio do serán.*

*Queiras non queiras temos un povo didiante de nós, e co-el hai que contar d'un xeito ou d'outro, xa que nós tamén contamos co-el. E nese povo, quen nos lé c'o dereito a xuzgarnos. E almas desleigadas á espreita, pescadores á turba, dispostos a rexubarnos e trabarnos. Nosoutros non perderemos nada. A fala, a nosa fala, pode perder muito, podeo perder todo. E si alguén entende que falei mal, disimule.*

*As palabras que non figuran nos dicionarios publicados, van á derradeira deste volume nun glosario, que pode ter par'ós lectores, dous laudables fis: entenderen, aprenderen. E ademáis como axuda á recolleita do noso léxico. Todas elas levan o lugar ou libro onde fono arrecadadas para que quen queira, poida facel-as comprobaciós que estime mester. Se os publicistas quixeran tomarse este traballo, o noso suspirado dicionario quedaría feito e dereito en poucos anos.*

*A algúis lectores pode extrañarlles que nestes contos se usen as formas mui, muito... Decireilles: están aceptados pol-as nosas gramáticas; o mesmo Saco Arce emprégaas na súa, cando propón exemplos; e fálese así nunha extensa rexión do Sul da provincia de Pontevedra, onde din: mui, muito, fruto, fruiteira (árbore frutal), luita, truita, luito... E destas mesmas terras son as formas do verbo ir no pretérito imperfecto de indicativo, ía, ías, íamos, íades, ían, enxebremente galegas, comúis ó portuxés.*

\*\*\*

*Arestor'ó povo vese privado de libros en galego ó seu alcance.<sup>9</sup> Os máis dos que se lle ofrecen, con toda a súa novidade e validencia, son somente obxeto de beleza e requintadas emociós estéticas para un pequerrecho sector intelectual. Da obra literaria na nosa fala non debe facerse, en absoluto, un choído onde sò se permita a entrada ós que poidan pagalo portazgo da súa cultura.*

*A "inmensa minoría" —ó pè de cinco centos— quizáis faga mal, por razóns de piedosa e didáctica comenencia, en privare a "inmensa maoría" —sobre dos cinco centos cincuenta— de lere o único que pol-o d'agora entende e aínda lle agrada. O povo renóvase na súa eterna mocidade —ou nenez— decote igual a si mesmo, revese e disfruíta no qu'el fai; e eu, escritor do povo, publico par'ó povo, estes contos qu'o povo me contón. Ben sei que isto é perdel-o tempo; pero aínda hai outra cousa peor: ganalo en van.*

*É, pois, este, un libro enxebremente popular, sinxelo e riseiro, para que todos o poidan lér e gustar, ó mesmo tempo que gustan e lén a fala do seu país, a meirande e xurdia obra artística qu'a través dos séculos erguén o xenio criador da nosa xente, asulagada en campía, en comunión c'a paisaxe, poñendo nela o selo da súa ergueita personalidade idiomática.*

*A lingua galega é o peito amantiño que anainóu e recrióu o noso espírito —sentimento e pensamento— c'as bágoas do traballo, —mar e campía— c'o celme das cantigas do corazón, —amor, dor, saudade, humorismo— verxel frorecido no estro dos poetas, terra manantía e murmurante onde abrolla, latexa e canta a voz da nosa raza. A historia do espírito de Galicia está na súa fala. Os homes de cultura, nela a buscan e nela a achán.*

*Nos séculos XIII e XIV tivo os días da súa meirande gloria. D'aquela foi a única lingua poética de cortesáns e trobeiros, segrels e xugrares: en Galicia e Portugal, en León e Castela, en Andalucía e Extremadura. E Compostela, o seu bërce e centro.*

---

<sup>9</sup> Escrito xa este prólogo saíron á publicidade belos libros populares: "À lus do candil, Contos ó carón do lume", "Terra brava, Contos da solaina" de Anxel Fole, e "Andrómenas", de Xose Ramón e Fernández Oxea.

*Nela expresaron as esencias dos seus corazóns os reis poetas que houbo na península ibérica, entre eles os esgrevios e inmortás Alfonso X, o Sabio; e o seu neto, Don Denis I, de Portugal.*

*O cancionero de Axuda, o da Vaticana e o Colocci Brancuti, descubertos no pasado século, son “tres monumentos xigantescos da lírica do mundo, que se altean e glorifican de día a día no decorrer do tempo”, que tiveron a “virtude de soerguer o pasado literario galego á categoría de estudo e discusión universal”, e ós que vai intimamente vencellado o nome e espírito belamente cantor e creador da nosa terra nun escentileo lumioso de eternidade.*

*Galicia, que xa no século VII fora xustamente proclamada por San Braulio de Zaragoza, Mestra das Letras, conquiere nos cancioneros a xurdia, esgrevia e máis outa cima retora dos seus esprendores literarios.*

*Canto por malfados históricos a nosa fala deixou de ser cultivada, o espírito galego enmudeceu nun silencio de séculos, esterilidade e morte, que durou máis de catrocentos anos.*

*E é agora, nos poetas do rexurdimento, e d'un xeito especialísimo na obra galega de Rosalía, onde se atopa a xusta expresión da nosa vida externa e folk-lórica, e a dos íntimos segredos da alma poéticamente misteriosa de Galicia. A lingua é a voz eternal do espírito da nosa terra, a resonar no corazón dos bons galegos. Desbótana os choromiqueiros de solouzo de gaita con lacón e pescada; os aparvados na bonitura da paisaxe, alleos á fonda meiguice que abrolla e arrecende da paisaxe da i-alma galega; os señoritos feitos á présa; os señores sin-o señorío de si mesmos, e todal-as aristocráticas superniquitencias de barrio baixo e alto en fuxida da súa fala; e non por razóns de cultura e españolidade senón por señoritismo, para non semellarse ás xentes da aldea, da que todos vimos e vivimos. Foi a aldea a que xenerou, conservou, e garda aínda, todo o que temos noso: fala, música, bailes, poesía popular, lëndas, costumes, tradicións, labore típico na terra e no mar. Somos fillos da nobreza do traballo honrado das nosas aldeas e do seu xenio artístico e creador. Por iso se dixu muito e ben: “A aldea, Diol-a dea”. E bendita ela sea.*

*Eu decrárome aldeán enxebre, un aldeán limpo, educado, consumido en amor á miña terra, un aldeán rústico no falar, e pol-o mesmo, fundamentalmente urbano, xa que para todo bon galego, é ben certo, non pode haber nada máis urbano qu'unha volta pol-o rústico.*

*Galicia bilingüe, c'o castelán á súa disposición desde a escola deica a Universidade, non tèn porque esquecel-a súa fermosa e gloriosa fala. Non haberá lei qu'a protexa; pero tampouco hai lei qu'a prohiba. Non hai máis que desamor, un desamor que choe en sí o esquezo e o desprecio de nosoutros mesmos, a negación da máis exquisita fror do noso espírito, o estiño da fontaiña de onde deitaron as nosas máis requintadas creacións artísticas, que son as que falan de nós e fan lus arredor do noso nome.*

*A nosa fala é o símbolo do noso corazón. Ela falou sempre pol-o amor e par'ô amor; e precisa do achego das nosas almas e do agarimo dos nosos labios namorados. Rosalía —¡xurdio exemplo!— foi para nós o que é, pol-o amor ô seus eidos e pol-o amor á súa fala.*

*¿E namáis que esta clas de literatura —contos vellos e resesos— é o que vostede entende se debe ofrecer ô povo? ¡Non! Ó lector cursidoso que me faga a pregunta, direille que Galicia agarda das novas promocións literarias cousas millores e máis acordes c'os tempos d'agora. Téñeno por obriga; mais estes mozos fementemente degarados han sortir da mesma entrana do povo, e tornaren a el con tino, amorosiñamente, e por muitas razóns. D'outro xeito o paxaro finarásenos na man nun belo rechouchío.*

*O xilgato canta na sebe; o rousinol faise lus ó serán na ponla do carballo; e a laverca, peneirándose na altura, é orballo de rezo sobre do seu mesmo niño. E ó povo —que tamén é xilgato, laberca e rousinol— as excelsitudes da estratosfera literaria non lle acaen nin lle aditan nin lle aquecen: envólveno en friaxe, silencio e soedade.*

*Eu, fouce de xa vellas seiturras, doulle agor'ó que teño, pensado, e poida que con razón, que val máis un remendo mal botado qu'un burato ben feito.*

*Endemal, Galicia está atunhada dos que gastan-as súas habelencias, a súa capacidade e o seu desleigamento, en racharlle despiedadamente ó noso idioma o “fatelo de innominia que p'ra mofo nas costas lle puxeron”.*

O Autor